ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
CV24032

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Sistemas para a contratación electrónica

CONVOCATORIA: AMTEGA, convenio-convocatoria

GRUPO: Cursos TIC convenios AMTEGA

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	**PLAN:**	CONVENIO	**HORAS:**	30
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2024
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	**TIPOLOXÍA:**	XERAL	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 03/04/2024 - 09:00h ao 12/04/2024 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Dar a coñecer as ferramentas electrónicas das que a Xunta de Galicia dispón xa no ámbito da contratación electrónica. Capacitar aos funcionarios de xeito que coñezan as posibilidades que ofrece a aplicación de medios electrónicos neste eido, e as solucións xa a disposición das empresas, a efectos de que poidan dar un mellor servizo de apoio e resposta a consultas dos administrados en caso de precisalo.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

PROGRAMA

MÓDULO 1: Portal de Contratos Públicos de Galicia
Portal de Contratos Públicos de Galicia. Licitacións, Perfís do contratante, Subscrición e buscas de información

MÓDULO 2: Xestión de Procedementos de contratacións (I)
Introdución ao portal. Alta e Xestión de Encargos. Alta de anuncios previos. Alta de novos procedementos. Tipos de sistema de contratación e de compra pública estratéxica. Tipos de procedementos e contratos.

MÓDULO 3: Xestión de Procedementos de contratacións (II):
Xestión de Procedementos de contratacións (II): publicación de procedementos. Xestión de datos xerais, tipos de documentos, publicacións e presentación de ofertas. Xestión de Procedementos, Xestión de mesas de contratación e datos dos licitadores. Resolucións e Formalizacións. Buscas de procedementos. Xestión da fase de Execución. Xestión de Recursos. Listados de publicacións, adxudicacións e formalizacións

MÓDULO 4: Sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia SILEX
Introdución. Acceso ao sistema, requirimentos técnicos, instalación e configuración do contorno. Alta de licitacións electrónicas. Celebración de mesas. Requirimentos de corrección e actas. Presentación de ofertas.

MÓDULO 5:Xestión de expedientes de contratación PLATION (I)
Introdución. Acceso ao sistema, requirimentos técnicos, instalación e configuración do contorno. Conceptos básicos: fluxos, perfís, buzóns, plantillas, trámites. Tipos de tarefas: completar, validar, asinar, achegar, emendar.

MÓDULO 6: Xestión de expedientes de contratación PLATION (II)
Canal de comunicacións: envío de información a PcPG, Xumco, Notific@. Tramitación de expedientes: fases de inicio, preparación, licitación e selección de adxudicatario, adxudicación, execución e extinción.

CRITERIOS DE SELECCIÓN
Preferencia ao persoal que realice funcións de tramitación de expedientes de contratación electrónica

3. DATOS EDICIÓNS

T01		
LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN		**INICIO / FIN:** 22/04/2024 a 21/05/2024
NUM. PRAZAS: 50	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:** 24/05/2024 ás 18:00h
DOCENTES NOMEADOS		
Manuel Rodríguez Salgado Manuel Otero Vieites		
LUGAR DE REALIZACIÓN		
En liña		